


Altamira



CONCELLO DE BRION

MARZAL-1987

ANO II

Nº 6

SUMARIO

Editorial	2
Entrevista	3-4
Noticieiro	5 a 9
Dossier	10-11
Actualidade	12-13
Pasatempos	14

Director:

Juan Ramón Pais Andrade

Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso
Afrodisio J. Montero Vieites
Xosé Freire Caamaño
Xacobe Pérez Paz
Luciano Pena Andrade
Xosé Caramés Vázquez
Dora Mirás Pérez

Editorial

O 28 de febreiro asistimos na Coruña á manifestación dos labregos contra a cuota do Leite.

Vimos moita xente (a cifra estaría máis cerca das 100.000 persoas que avaliaron os organizadores que das 25.000 calculadas pola policía municipal). Ninguén en Galicia recordaba tanta xente do campo xunta.

Estaban todos, unánimes: os da dereita e os da esquerda, os dos sindicatos, dos partidos políticos e os sen partido nin sindicato, que, por mala fada, son a maioría. Só faltou o partido do goberno de Madrid: así, a manifestación volveuse contra él.

A marcha foi serea, pacífica, pero non festiva. Nas caras líase preocupación, anguria, rabia contida.

No balbordo de opinións que escoitamos antes e despois atopamos de todo. Os que defenden a postura do goberno central repiten que a imposición de restriccións á produción de leite é inevitable, que as pequenas explotacións (en Galicia son a maioría) non tiñan futuro nin con Mercado Común nin sen él, que sobra xente no campo, que Bruselas vai arranxa-lo problema a base de xubilacións anticipadas, premios ás que deixen as vacas e excepcións ás cuotas, que o la Plataforma para Defensa do Sector Lácteo é unha zaiola de grilos de intereses encontrados na que se mesturan nacionalistas de esquerda, paratidos da dereita e vellos caciques de campanario.

Pola contra, os que asistiron á Coruña din que "nas negociacións coa CEE fomos moeda de cambio, que non existen alternativas viables para os que teñan que abandonar a produción leiteira...". O vello 'oitador que leu na Coruña o manifesto final facíase esta pregunta: "¿Qué queren facer de nós? ¿Qué futuro nos teñen destinado?".

Non faltan tamén os pesimistas de sempre que manifiestan co corazón ensumido: "esto non ten remedio, non hai nada que facer..." Son aqueles dos que dicía Castela: "mexan por nós e dicimos que 'hove'".

ALTAMIRA non ignora que a maioría das familias do noso Concello dependen primordialmente do leite e síntese na obriga de cabilar en alto.

Primeiramente, cremos que o problema é moito máis serio do que moitos din. Isto xa quedara claro na mesa redonda que organizara o Concello de Brión

sobre o tema e da que deu conta o primeiro número de ALTAMIRA. Serio xa era de vello o tema da economía campesiña de Galicia. Basta ver que, en cifras de 1979, cada labrego lle sacaba ó seu traballo un promedio de 163.000 pts. por ano, mentras que un traballador do sector de servizos (banca, ensino, sanidade, etc.) producía arredor de 1.160.000 pts. Ata o de agora había unha masa de xente que malvivía no campo, pero ía tirando. ¿Qué pasará o día —e pode ser mañá— que a maioría dos 460.000 labregos de Galicia teñan que vender-las vacas?

Opinamos, en segundo lugar, que aquí todos somos culpables. Foron culpables tódolos gobernos que houbo anteriormente, que só se ocuparon de Galicia para tirarlle polos tetos e muxila. Foi culpable o goberno socialista cando, nas negociacións de Bruselas, vendeu innecesariamente a gandeiría pola industria (e non por ser máis calados merecíamos tal pago); e está sendo culpable desde aquela por querer ocultar-lo problema e querernos facer comulgar con rodas de muiño de solucións que nin existen nin el cre. É culpable o goberno de Fernández Albor que aínda non se enterou de que estamos no Mercado Común. ¿Qué fixo por afrontar unha ordenación racional do sector e por para-los efectos do axuste a Europa? Parécenos hipócrita a presenza do Conselleiro de Agricultura na manifestación da Coruña cando tan pouco fixo para solventar-lo problema.

Culpables, en fin, somos os labregos pola nosa pasividade, polo noso medo e a nosa deixadez. É moi fácil e frecuente botarlle a culpa dos males a aqueles que os padecen. Pero non se pode negar-la evidencia.

Xa é visto que o xeito de explotar-lo campo en Galicia non levaba a ningures. Mais esto non se fai aniquilando de golpe a base da nosa economía. Hai que dar alternativas, e esas teñen que buscalas os gobernos en diálogo cos interesados. Por forza o goberno central terá que baixar do seu machiño de orgullo e prepotencia e negociar ca Plataforma do Leite, e por forza terá a Xunta —co actual partido no poder ou con outro— que poñerse de parte dos labregos e amparar-lo sector. E por forza a unión que se logrou entre tódolos labregos galegos coma nunca se vira (cos intereses contrapostos que se queiran, pero unión ó cabo) terá que durar ata o final. Só así iremos ó futuro con esperanza. E nós que o vemos



César Portela.

CESAR PORTELA: un arquitecto moi apreciado no noso concello

César Portela Fernández-Jardón é o arquitecto encargado de elaborar e dirixir todo o proxecto da Casa da Cultura e o reordenamento do parque de Santa Minia. Natural de Pontevedra, é, nembargantes, un vello coñecido deste concello onde leva proxectadas numerosas obras nas que se atopan a reforma da casa co Concello, o centro médico da parroquia dos Anxeles, as normas subsidiarias de planeamento, as piscinas municipais e, ultimamente, a parte da Casa da Cultura, a ampliación do cemiterio de Brión que tanto pola amplitude do proxecto como polo prantexamento de espazo aberto con amplas zonas de axardinado e arborado que posibilitan o seu uso como zona de esparcemento, contará, sen dúbida, con unha ampla aceptación no vecindario.

P.— Desde hai varios anos, tódolos proxectos municipais levan a túa firma, ¿Qué foi o que levou a que deras co noso Concello, a casualidade ou a búsqueda da liña arquitectónica que

representa o teu estilo?

R.— Un pouco ámba-las dúas. Por unha banda o Concello de Brión quería facer nos seus proxectos un determinado tipo de arquitectura, que viña a coincidir ca que estaba a levar eu; logo o azar favoreceu que chegamos a un entendemento aceptando a miña colaboración, que aínda que non moi intensa, é moi satisfactoria.

P.— Fálanos un pouco da túa carreira, dos teus estudos, do teu traballo...

R.— O remata-lo bacharelato, bulían en min dúas grandes inclinacións: o mar e a arquitectura. Despois de moitas dúbidas, nas que pesaban as dificultades que para a miña familia supoñía pagarme os estudos en Madrid, tras unha reunión da casa e co correspondiente esforzo dos meus pais, decidínme pola arquitectura.

Os estudos simultaneámos entre Madrid e Barcelona; logo fixen viaxes de estudos e diferentes seminarios en: Francia, Italia, Alemaña, Bulgaria, Cuba...

P.— O teu estilo arquitectónico busca un equilibrio entre as características rústicas, presentes na concepción de prantas e alzados, e as características funcionais reflexadas na búsqueda do espazo e a luz. ¿Esta mestura obedece a motivos ideolóxicos, puramente arquitectónicos, ou a ambos?

R.— O home é un ser indivisible e na súa profesión manifesta todo o que ún é: ideoloxía, actitude fronte á vida, preparación técnica, pasado histórico... etc. Na arte non se pode falar de nacionalidade como se fala no sentido político. Non hai que ignorar outras correntes, outros estilos, que representen ante todo solucións novas a problemas novos que xurden coa evolución e o desenvolvemento das comunidades.

Galicia é un país vello, no que a aprendizaxe suministrada pola experiencia foi configurando un tipo de arquitectura intelixente e adecuada ó medio, que se caracteriza pola súa sinxeleza conceptual na súa exposición pero, nembargantes, con unha gran elaboración e riqueza de contido.

P.— Os materiais que empregas reflexan tamén esa mesma mestura combinatoria, na que a pedra — xeralmente granito— e a madeira — preferentemente castiñeiro— representan o autóctono; xunto a eles, o cemento armado, o terrazo, o ferro... etc., sinalan a presenza da liña funcional. ¿Ata que punto consideras que os materiais son combinables?

R.— Os problemas en arquitectura seguen un orde. En primeiro lugar, trátase de dar unha solución ó problema espazo a traveso dunha linguaxe arquitectónica.

Cada material ten as súas virtudes e os seus inconvenientes. En Galicia tradicionalmente usouse a pedra, porque respondía a unha serie de características: era máis barata, máis fácil de conseguir, sabíase traballar...etc. Na actualidade, ocorre que a pedra non alcanza para tódalas solucións que demandan os novos prantexamentos, polo que hai que introducir outros materiais combinándoos axeitadamente para que resulte un todo agradable, buscando, ó mesmo tempo, un equilibrio entre posibilidades e necesidades.

P.— ¿No teu estilo segues unha escola ou corrente determinada ou, pola contra, o teu estilo, aínda sendo unha combinación de outros estilos perfectamente definidos e diferenciados, responde a unha fórmula persoal?

R.— Eu enmarcaría o meu estilo dentro dunha corrente minoritaria que nace en Italia, na que o primeiro representante é o arquitecto Aldo Rossi, que propugnaba o entronque arquitectónico actual co entorno histórico.

A arquitectura é un proceso. Cada nova actuación arquitectónica que se fai raise integrando nese proceso.

A construción de edificios, a apertura de estradas, as plantacións de árbores, o tendido dunha ponte, etc, están a axudar a esa construción e configuración permanente do territorio. Cada nova construción e unha malla desafiadora.

P.— Na túa selección de granitos hai unha clara inclinación polos rosas e grises "Porriño". ¿A qué é debida esa referencia?

R.— Existen unhas razóns moi concretas para a utilización deste tipo de granito. A miña primeira inclinación é a utilización da pedra do lugar. Ocorre, lembargantes, moitas veces que non hai explotación na zona dese tipo de pedra, ou o que é máis frecuente, na cantidade suficiente para poder abordar unha obra a certeza de que se terá o suministro necesario. Hoxe as obras están suxeitas a uns prazos de remate —como debe ser— e os granitos de tipo "Porriño" están máis explotados e máis industrializados, polo que ofrecen máis garantías para conseguilos en cantidade suficiente nos prazos previstos.

P.— Nos teus deseños atópase un afán pola busca da luz, que supón, en contrapartida, unha gran perda de espazo útil. ¿Ata qué punto, considerando o aspecto funcional das túas obras, consideras importante este sacrificio do espazo pola luz?

R.— Hai que ter en conta que a luz é fundamental para a vida. Sen luz non hai flor, non hai alegría. O efecto da luz sobre o comportamento humano pódese explicar perfectamente pola constatación de numerosas civilizacións que tiveron como obxecto o culto ó sol.

Galicia posúe un clima especial: é húmida, con moitos días nubrados ó ano, polo que a xente pasa moito tempo no exterior das edificacións. Por iso, hai que crear un espazo agradable e iluminado que non sexa agobiante, favorecendo que entre a luz e faga as estancias máis agradables. Claro que iso ten como contrapartida unha redución do espazo útil, sen que tampouco chegue a considerarse un despilfarro. Hai que ter en conta que estes prantexamentos conlevan tamén un aforro grande en materiais.

P.— Os espazos iluminados non parece que garden relación coa distribución e características das vivendas rústicas, que máis ben eran pequenas e con poucos ocos.

R.— Os amplos espazos iluminados, nada que non o pareza, si teñen un precedente nas construcións tradicionais. Gardan relación cos espazos

adicionados a face-lo lume nas vivendas e é característico en tódalas construcións da área atlántica, por seren unha resposta ó mesmo tipo de clima. Estes amplos espazos adicados a facer lume estaban motivados pola necesidade de dotar de calefacción ás vivendas e, ó mesmo tempo, favorece-la ventilación. Ó desaparecer-la necesidade da utilización do lume dentro das vivendas, estes espazos cúbreanse de vidros e aparecen os lucernarios tan característicos nas construcións modernas de toda a área atlántica.

P.— Hai unha tendencia nas túas edificacións a contrasta-las cores craras e apagadas dos fondos coas cores fortes e vivas —xeralmente o roxo— nos ocos, accesos, salientes, etc. ¿Que significado arquitectónico lle das a esta combinación: resalta-las formas, ampliar a sensación de espazo...?

R.— A cor xoga tamén un importante papel na concepción arquitectónica. Os materiais, ás veces, úsanse coa súa cor natural; outras veces, simplemente para a súa protección, como é no caso da madeira, deben pintarse.

Galicia, polas súas peculiaridades climatolóxicas, é fría e as súas cores ambientais acentúan esas sensacións de frío. Ó delimita-los espazos interiores a traveso dunha cor quente, como é o roxo, favorezo a percepción do espazo interior como algo diferenciado do exterior, facéndoo máis acoledor.

P.— ¿Qué condenarias e qué salvarías do último século dentro da arquitectura galega?

R.— A arquitectura galega do último século, ó contrario doutras Comunidades, non fai honor ó rico patrimonio histórico que aínda existe en Galicia e do que Santiago e os grandes mosteiros son as mostras máis significativas. A falta de concienciación na maioría dos profesionais da arquitectura e as presións especulativas sobre o sector inmobiliario das vivendas, propiciou que a arquitectura galega só poida reivindicar para si as monstruosidades de ensanches levados a cabo en tódalas importantes cidades de Galicia. Temos un patrimonio arquitectónico que non o merecemos.

Da arquitectura recente que se fixo en Galicia só salvaría obras puntuais de grandes artistas, como as levadas a cabo por González Villar, na Coruña, Palacios, en Pontevedra, e poucos máis.

P.— Ti, que elaborache-lo noso Plan de Ordenamento do Territorio, ¿a qué cres que obedece que nos últimos anos case tódolos Concellos tiveran que facer estes plans?

R.— Ata os anos trinta en Galicia construíase con un gran sentido común,

baseándose na rica experiencia antropolóxica cultural. A partir de entón houbo un corte e perdeuse o sentido tradicional da construción do territorio. A ignorancia e a especulación levou a construír dun xeito totalmente anárquico e desordeado, polo que houbo que establecer unha mínima normativa que impedise o caos que se estaba a orixinar.

P.— ¿Que se ten en conta á hora de elaborar un Plan de Ordenamento?

R.— O máis importante é coñece-lo territorio. Logo hai que discutir coa corporación e cos veciños as necesidades e as solucións posibles para ir determinando onde e como se pode actuar no territorio con edificacións, cultivos, etc.

Destes acordos vai saíndo o Plan, que penso trae unha serie de aspectos positivos para o medio, aínda que poida conter os posibles erros característicos dunha normativa xeral calquera.

P.— Os Plans de Ordenamento trougueron como consecuencia a obriga de presentar para calquera construción proxectos avalados por un arquitecto, mentras que antes non facía falla ese requisito, ¿non cres que hai moitos arquitectos que o que están é a cobrar e estanse aproveitando un pouco desta nova situación?

R.— A dura realidade coa que nos atopamos, na que incide o fenómeno especulativo, obriga, como mal menor, a normativiza-las construcións. Claro que eso leva aparelado un certo beneficio para unha clase profesional determinada e na que sempre atoparíanse desaprensivos dispostos a aproveita-la situación.

P.— ¿Cales son as túas obras máis importantes?

R.— Cada obra que fago ten unha historia distinta e a satisfacción persoal, moitas veces, non garda relación cos resultados. Da obra que estou máis satisfeito é una vivenda unifamiliar en Salcedo. Outras obras que tamén me deixaron unha gran satisfacción foron a construción de vivendas para unha comunidade de xitanos en Campañó, concello de Poio; a casa do Concello de Pontecesures, o mercado de Bueu... pero sobre todo destacaría, pola satisfacción que me produciu, a realización da obra, o proxecto da carballeira de Brión, onde me sentín continuamente traballando entre amigos e onde, ademais, tanto por parte da Corporación como do pobo en xeral, estiveron cada día suministrándome o seu ánimo e a súa crítica, ata tal punto que eu diría que é unha obra que se fixo entre todos.

P.— Moitas grazas polas súas respostas.

R.— A vostedes.


NOTICIEIRO

80 millóns de presuposto municipal para este ano

O presuposto municipal que elaborou a corporación de Brión para este ano oitenta e sete ascende á cantidade de 80 millóns oitocentas noventa mil novecentas trinta pesetas, representa un pequeno incremento — 6,7% — respecto ó do ano pasado, que ascendeu a preto de 75 millóns.

En case tódolos apartados — cinco en total — en que se engloban as diferentes partidas presupuestarias, aprécianse significativas variacións respecto ó presuposto do ano pasado.

Destaca as subas — cinco millóns de pesetas — o apartado de Servicios, onde se engloban: o Plan Provincial de obras e servizos, combustible e reparación de vehículos e demais ferramenta municipal, alumado público, reparación de edificios, obras comunitarias e saneamentos de aldeas, así como a adquisición dunha desbrozadora, con unha partida de preto de cuarenta e cinco millóns e medio, que representa máis da metade de todo o presuposto, con crecemento real do 12,3%.



O presuposto municipal é un instrumento obrigado que permite distribuír máis equitativamente e controlar mellor o gasto público.

O apartado de persoal, que no ano 1986 tiña asignada unha partida de preto de dezasete millóns, ascende ata pouco máis de dazanove millóns e medio que ten sinalados para este ano, e que representa un crecemento do 15%. O apartado de persoal engloba os seis funcionarios de

plantilla con unha praza vacante, a asignación dos membros da corporación, seguridade social e demais persoal contratado.

Outro apartado que experimenta crecemento respecto ó presuposto do ano pasado é o de Administración, onde se engloban os gastos de oficinas,

xudiciais, notarias, proxectos técnicos, amortizacións de empréstitos, seguros de vehículos e aportación ó ICONA. Con un aumento global de cerca de un millón seiscentas mil pesetas, experimenta un crecemento real do 23,9%.

Experimentan un decrecemento sustancial o apartado de Educación e Cultura, onde se engloban os gastos de enerxía eléctrica, calefacción, limpeza e reparacións de escolas e grupo escolar, cursiños de natación e campamento, escolas de gaitas, baile e rondalla, revista Altamira, Xogos escolares, Festa da Froita e Santa Minia, cabalgada de reis, premio Blanco Amor e outras actividades escolares, que pasa dos máis de oito millóns e medio do ano pasado a levar dous millóns menos, que representa unha baixada do 23% respecto ó presuposto do ano pasado.

O apartado de beneficencia descende na súa partida máis de duascenas mil pesetas que representan un decrecemento do 19%. Este apartado inclúe os medicamentos de familias necesitadas, o servizo de Asistente Social, as axudas e situacións extremas e á agrupación de minusválidos.

A volta de correo

Salme, 29 de xaneiro de 1987

Hola amigos:

Nun dos números de ALTAMIRA lin que inevitables ós lectores a expoñer calquera criterio referente á revista. Isto animame a escribiros e expoñer-lo meu criterio.

Penso que estades a facer un labor moi meritorio, que todos no Concello deberiamos apoiar; por unha banda, a distribución da revista que nos permite estar máis en contacto co que pasa no Concello, e por outra, tódalas actividades a desenrolar, especialmente as de tipo cultural, que a min me interesan especialmente.

A min encantárame formar parte destas actividades, alomenos algunha vez, pero como vivo nunha aldea bastante alonxada, non me entero nunca dos proxectos que hai; só ó le-la revista, pero daquela xa teñen pasado e dame pena perderme cousas interesantes.

Isto é algo negativo que

atopo en ALTAMIRA. ¿Non sería posible anunciar con antelación os actos que se organicen para que todas aquelas persoas que esteamos interesadas poidamos asistir? Tamén se me ocorre que sería interesante contar con un servizo de información para aqueles que o soliciten. Claro que esta é unha idea que non sei se se poderá poñer en práctica.

Isto é todo. Recibide todo o meu apoio e un desexo: que, a pesares da pouca resposta por parte de moitos, non perdades nunca ese entusiasmo que vexo en vós cando leo ALTAMIRA.

Un saúdo

Dora Mirás

A resposta a esta garimosa carta áchase na segunda páxina deste número, pois o nome de Dora xa campa no Consello de

Redacción da revista... e seguimos abertos, non só ás colaboracións, senón tamén ás críticas.

Nova central de teléfonos para Brión

Despois de moitas xestións por parte da Corporación Municipal, está asimesmo aprobada a instalación próximamente dun teléfono público no lugar de San Salvador.

Tamén se dotará de teléfono regular de moedas o Centro Médico dos Anxeles, un servizo que estaba sendo necesario.

Para completa-la urbanización do Cruce dos Anxeles, cos semáforos colocados recentemente, botábase en falta unha cabina pública de teléfonos que tamén se instalará proximamente.

Estas novas son ben acollidas entre os veciños de Bastavales e os Anxeles polo que significan de mellora na calidade de vida. As boas comunicacións son sempre sinónimo de progreso. Noraboa.

Bastavales, a zona máis industrializada do noso Concello, poida que, por fin, poida dispoñer de servizo telefónico para tódolos abonados que o demanden. Isto ocorrerá se, como parece, se instala unha nova central automática de teléfonos en Brión, tal como anunciou a Delegación da Telefónica da Coruña en escrito dirixido ó Concello. Se isto se confirma, no próximo ano a parroquia de Bastavales deixaría de ser considerada pola Telefónica como extrarradio para pasar a zona urbana, solucionándose unha grave deficiencia que xa cheiraba a inxusticia manifesta.

Esta nova central equipada cos sistemas máis modernos, poñerá en marcha o vindeiro ano 1988 con un servizo de alomenos cincocentas liñas telefónicas.

NOTICIEIRO

● "Antroido 87"

Participación de Brión no desfile de carrozas



Este ano e por primeira vez, o concello de Brión participou no desfile de carrozas e comparas, organizado polo concello de Santiago de Compostela, co galo a festa do "ENTROIDO 87". Esta chamada de festa acudiu de forma representativa do concello, un numeroso grupo de abaleiros da zona, montando os seus belos cabalos, que varon a Compostela a lembranza dos antergos "antroidos" e Galicia.

Para ir ó desfile, preparárase tamén unha bela carrozalilixencia, adornada con motivos moi texanos. Mais non impre as cousas poden sair ben,

un imprevisto de último hora, impediu a participación desta carroza no desfile, pero acudiron con moito agarimo e desexo de representar ó concello os cabaleiros da zona do Tremo, Guitiande, Bastavales, Casal, Tembra, Os Anxeles, e algún outro que sempre queda esquecido...

Pola parte do concello de Brión, os cabaleiros, contamos con todo o seu apoio. Temos que destacar tamén que pola parte da organización do desfile en Santiago, facilitounos tódolos medios para poder participar na festa.

O tempo axudou moito

para pasalo ben, os cabaleiros ían atabiados, con traxes de vaqueiros; sombreiro de fieltro, pano á gorxa, camisa de cadros, chaleque ca súa insignia de "sherif", pantalón de pana ou vaqueiro, pistolas, e para remata-lo conxunto, botas de montar camperas coas súas esporas. Falar da benvida que lles deron en Santiago, sería cousa de escribir moitas páxinas, posto que a cantidade de aplausos, gritos e caras de ledicia o veren pasalos cabalos por de par dos máis pequechos ali presentes, é algo moi difícil de describir. Nada máis chegar á explanada da estación do ferrocarril, —onde ía saí-lo desfile—, formaron un cordón policial para deixar pasalos cabaleiros e ós seus cabalos, colocados xa no sitio reservado para nós, acercouse de contado un locutor da "cadena Ser" que entrevistou a un dos representantes da comitiva de Brión; o locutor con un pouco de medo acariñou os cabalos e agradecía a participación dos cabaleiros de Brión no seu programa en directo para toda España referente ó "Entroido". A Televisión de Galicia tamén estivo presente no desfile, e tomaron antes de comezar iste unhas imaxes dos cabalos.

NOVO PROXECTO DE ASOCIACION FORESTAL NA PARROQUIA DA LUAÑA

Varios veciños da Luaña, a raíz do amplo eco que os medios de comunicación lle deron á creación no noso Concello das primeiras asociacións forestais de Galicia, están a tratar de crear unha nova asociación na súa parroquia, seguindo o exemplo das creadas nas parroquias de Ons e Viceso.

Dous son os proxectos que están a estudar na parroquia da Luaña para a mellora das explotacións dos montes que rodean a esta parroquia. O primeiro proxecto que se está a estudar correspondería a unha gran masa de monte de aproximadamente catrocentas hectáreas que afecta a varios veciños de 7 aldeas. Pola envergadura do proxecto, así como polas dificultades que supón a posta de acordo de tantos veciños, considérase que é un proxecto moi difícil de levar adiante.

O segundo proxecto que se está a estudar, que ten uns obxectivos máis reducidos e por tanto ten máis visos de saír adiante rápidamente, é o correspondente a unha masa de monte situada na beira do río Tambre, que ten unha extensión de corenta hectáreas e que afecta a só oito propietarios.

Nin que dicir ten a satisfacción con que se recibiu esta noticia en círculos municipais e da administración da nosa Comunidade. A demanda que a Comunidade Europea ten de madeira fai do sector forestal galego unha importante base da Economía do noso futuro, sempre e cando se dean saídas ós problemas que as estruturas da propiedade crean para a dotación de servizos que posibiliten a mellora da explotación e, por tanto, a expansión do sector.

O asociacionismo forestal é, hoxe por hoxe, a vía máis rápida que ten o campesiño para mellora-las súas explotacións, aumentar o seu rendemento económico e, finalmente, posibilita-la erradicación do lume nos montes, que tanto dano supoñen para a economía galega, xa de por si moi empobrecida, non só polas perdas materiais en madeira, senón sobre todo pola destrución do terreo que ocasiona a erosión atmosférica, multiplicada pola perda do arborado.

A Maía no libro de: X. Amancio Liñares Giraut

X. Amancio Liñares Giraut xa a súa licenciatura de historia en Santiago, e a súa tese llicoua ó seu val, co nome de O Val de Barcala 1900-1936, agrarismo, vida política, emigración e cultura" que é o título do libro que foi financiado pola cooperativa Feiraco.

Neste libro refírese como o val indica, ó val de Barcala, ro a revista Altamira quere cordalo polas referencias á na que lles afecta, agradecendo a X. Amancio o interés mostrado polo coñecemento certas costumes, vivencias e rsoaxes existentes naquel tón, que é o período que el udia, 1900-1936.

Dentro do concello de íón, X. Amancio fai fincepé

nas organizacións agrarias da zona baixa da Amaía, e nomea entre elas as seguintes: Centro social agrícola e pecuario de Bastavales (1908); La Moderna de Brión (1916); Liga de defensa agraria del término municipal de Brión (1922); Sindicato agrícola pecuario de Santa María de Los Angeles (1908).

Dentro da zoa alta da Maía, nomea a sociedade agrícola, benéfica e instructiva de Ons e os seus contornos, que data de 1917, con domicilio social en casa de Benigno Freire, en Fonte Paredes, Ons, os estatutos polos que está rexida a sociedade non son máis que un plaxio dos da liga barcalesa, só difiren en cuestións puntuais como por exemplo: a) Entre os fins instructivos da sociedade non só

se di "seguro do gando" senón seguro e vacunación. b) Asambleaxerais anuais celébranse nos derradeiros domingos de marzo e agosto. c) Desaparece da xunta consultiva a figura do consultor eclesástico. d) Non se publica como anexo o regulamento para o seguro do gando. Mantense non obstante o tribunal arbitral. E como sempre fanse consta-los membros da comisión organizadora.

X. Amancio refírese en canto á construción de escolas que se facían pola iniciativa privada coa recadación de cartos dos paisanos residentes, e dos emigrantes que se encontraban fóra dos seus fogares, que logo veríanse ampliados coa iniciativa pública coa construción de novas escolas.

NOTICIEIRO

Posto en marcha o servizo de recolla de lixo das parroquias

Galicia no país das maravillas, novo disco de Milladoiro



O noso Concello ven de remata-la adjudicación definitiva do servizo de recolla de lixo para as aldeas, levado a cabo no mes de marzo, a traveso dun concurso público que fixaba un precio máximo de licitación de dous millóns de pesetas.

A duración do contrato estableceuse para un período de un ano, podendo prorrogarse, e consistirá na recolla dos bidóns instalados polo Concello en emprazamentos fixos, así como o transporte ó alto do monte "Rañalonga" para prenderlle lume e conforme coa frecuencia e horario fixado no contrato.

No mes de decembro, o Concello iniciou este servizo de recolla de lixo, por oun período de proba despois de estudia-la modalidade axeitada que non resultase gravoso ó vecindario e, ó mesmo tempo, permitira á economía municipal facer fronte ó seu custo. Este primeiro funcionamento do servizo no período de proba buscou estudar sobre da marcha a maneira máis axeitada de atender-las necesidades da poboación dispersa polas aldeas, e atopar mediante a experiencia elementos de xuício que permitiran unha maior eficacia na ubicación dos bidóns, número deles por parroquia, así como a periodicidade das recollas dos mesmos.

A periodicidade das recollas é a seguinte: Zona alta do concello (parroquias de Cornan-

da, Luaña, Viceso e Ons) tódolos xoves de cada semana; zona baixa do concello (parroquias de Brión, Boullón, Os Anxeles, San Salvador e Bastavales) a recolla realizarase os luns e venres de cada semana, por ter en conta que nesta zona atópase a maior concentración



Os bidóns de recolla do lixo pasaron a formar parte da nosa paisaxe.

O servizo de recolla de lixo pretende rematar co deplorable espectáculo, cada vez máis frecuente, de ollar como algúns lugares estábanse convertindo en vertedeiros incontrolados

de poboación.

O servizo, dado que os núcleos de poboación existentes no noso Concello son rurais, dispoñendo de hortas e espazos libres, e nos que a maioría das familias crían animais domésticos, recomenda que se evite depositar nos bidóns restos de comidas ou calquera tipo de lixo —papeis, plásticos... etc— que poidan ser queimados.

Outros restos de materiais de gran volume ou que teñan unhas especiais características, deberán ser levados directamente polos interesados ó vertedeiro de "RAÑALONGA" debendo contar con un permiso especial do Concello, non permitíndose en ningún caso deixar nos bidóns nin levar ó vertedeiro, escombros de obras.

Para este fin o Concello adquiriu un terreo no alto de "Rañalonga" para vertedeiro municipal, considerando que está o suficientemente alonxado dos núcleos de poboación máis próximos para evitar calquera risco de contaminación.

O servizo de recollida de lixo pretende rematar co deplorable espectáculo, cada vez máis frecuente, de ollar como diversos lugares do Concello estaban a convertirse en auténticos vertedeiros incontrolados de todo tipo de refugallo, creando focos de contaminación que podían chegar a representar serios perigos para a saúde pública.

MILLADOIRO



Galicia no país das maravillas

O grupo MILLADOIRO é de sobras coñecido por tódolos que aprecian a boa música celta e as raíces máis profundas do noso folclore. A súa indiscutible calidade e recoñecida sobre todo entre a mocidade galega, pero xa soborda as nosas fronteiras: proba desto é que a maior multinacional do disco, a CBS se ocupou dos seus traballos e desde hai anos traballan para ela.

Un destacado membro do grupo, Xosé Vicente Ferreirós, é o director da Escola de Gaitas de Brión e tamén nos acordamos aínda por aquí das súas actuacións no cuarteto "Faiscas do Xiabre", do que fora fundador.

O último disco de Milladoiro foi gravado en Irlanda coa colaboración de tres membros do coñecido grupo folclórico "Cantigas e Agarimos", de Santiago, para cantaren algúns dos seus temas.

Por certo, unha das acompañantes —Pilar Rivas— é do noso Concello, da parroquia dos Anxeles. Desde hai tempo ven demostrando o seu bo facer nesta agrupación, tanto no coro de canto como no de baile, o mesmo que as súas compañeiras en Irlanda.

Sorprende ós seguidores de Milladoiro esta innovación, pois sempre foi un grupo instrumental. En opinión de moitos, este disco "Galicia no País das Maravillas" é o seu mellor traballo.

NOTICIEIRO

A radio máis nova no Colexio de Brión

Camiño Real de Boullón

na
"festa dos sabados":

A RADIO
MAIS NOVA



por vinte membros e con máis de cincuenta anos de existencia. Esta banda, xunto coa Escola de Gaitas do Concello de Brión alegraron esa tarde.

Tamén, en conmemoración do centenario do nacemento do músico e compositor, profesor "Magariños", poidemos contar coa presenza do que foi alumno seu, que interpretou para todos nós unha peza da súa creación tocada co acordeón.

Para remata-lo recital de entrevistas, contou-se tamén coa presenza da Inspectora Farmacéutica do Concello que nos falou da Sanidade e das enfermidades que máis correntemente abundan no noso Concello.

Os nenos do cuarto nivel dialogaron unha pequena obra de teatro que tiña por tema a vinganza dunha muller a outra que lle debía unha ducia de ovos.

Outros dous nenos, tamén do cuarto nivel, declamaron unhas poesías: unha dirixida a San Fins de Brión e, a outra, adicada as Campás de Bastavales escrita pola nosa grande poetisa: Rosalía de Castro.

O Secretario da Asociación forestal "Manxueira", da parroquia de Ons tratou o tema da Mancunidade de Montes que se está a desenrolar pra previlos incendios e mellora-la explotación da riqueza forestal. Este proxecto levarase a cabo na parte alta do Concello de Brión.

Unha nena do noso Colexio, gañadora do primeiro premio de contos da súa categoría que está patrocinado pola Asociación Cultural "Afonso Eans" de Negreira, e que leva por título: "O can e mai-lo gato", fixo a lectura do mesmo para o programa de radio.

A grabación do programa enteiro levou catro horas, das que só dúas saíron pola radio. Houbo algunhas interrupcións a causa dos nenos do mesmo centro que xogaban e facían ruído polo patio. O programa elaborouse en dúas etapas de dúas horas cada unha. A grabación efectuouse o día 28 de xaneiro e foi emitida pola Radio Galega o día 7 de febreiro ás cinco da tarde.

J. A. Viqueira Iglesias



Igrexa parroquial de Boullón ate onde chega o "camiño real" que ven da aldea de Tembra e que aforra moito camiño ós veciños.

O concello de Brión está a face-las obras necesarias para acondicionamento da pista do Camiño Real de Boullón, tra-la insistente petición dos veciños de Tembra para así, ademais de recuperar un camiño que unía a igrexa ca dita aldea, recuperar tamén a visibilidade dos distintos cruceiros que existen ó longo do camiño.

As obras estanse realizando con algunha que outra dificultade posto que o camiño é de moita pendente, e o terreo moi dificultoso de traballar, posto que existen zonas con pedras e auga.

A construción desta pista do "Camiño Real", ben a facilita-lo acceso dos veciños da aldea de Tembra ata a capela do San Miguel, tamén evita a volta que tiñan que dar ata agora de máis de dous quilómetros, pasando pola aldea do Cantelar.

Se agora os veciños están máis ou menos conformes pola construción da dita pista, botan en falta a restauración dos cruceiros da aldea, cruceiros que marcaron camiños durante séculos e que agora, se non se preocupan un pouco deles, votaranse a perder. Por iso agradecemos ó concello a construción da pista, e pedimos tamén que poña un pouco máis de interese no que é patrimonio dun pobo.

consellos moi interesantes e falou das abellas como se de fillas se tratase. Despois veu a entrevista co cereiro, que falou sobre a preparación e laboración das figuras que o día de Santa Minia vemos expostas na igrexa.

O traballo de florista, segundo a muller entrevistada é moi divertido, e bonito. Dounos consellos moi sabios para coidala nosa flora.

Cando escoitamos as campás tanxer a morto, ou dando as horas, ou tocando ledas os días de festa, non nos imaxinamos que ahí, detrás desas campás, hai unha persoa que nos fai saber cando hai lume, cando morre alguén... etc. Por iste motivo, os alumnos do Colexio pensaron facerlle tamén unha entrevista ó Campaneiro de Bastavales que veu a falarnos do funcionamento e o horario de traballo que ten na súa parroquia.

Non podiamos esquecernos de facerlle unha entrevista ó Director do Centro, que falou dos problemas que ten agora mesmo o noso Colexio: comedor, servizos, hixiene,... etc.

Para animar esa tarde do sábado na que se ía a emitilo programa, entre entrevista e entrevista, tivemos a sorte de ter connosco a Banda de música da parroquia da Luaña, composta

No Colexio Público de Brión, recentemente tivo lugar a presenza da Radio Televisión Galega para efectuar a gravación do programa da radio "A radio máis nova". Para este programa uns alumnos do dito Centro escolar fixeron previamente uns traballos de preparación de entrevistas, contos, poesías, que logo, o día da gravación simultanearon con pezas musicais interpretadas pola banda de Música da Luaña: mai-la escola de Gaitas de Brión.

As entrevistas versaron obre distintos temas: apicultura, floristería, un traballo pouco abundante como é o de "cereiro", ou tamén o traballo tan excitante como é o de campaneiro. Nas entrevistas, como non, oron incluídos tamén o alcalde do Concello e mai-lo párroco de San Fins de Brión.


A entrevista ó alcalde orsou sobre temas do Concello como por exemplo: a mancomunidade dos montes, en que se an empregar os cartos do resuposto deste ano... etc.

O párroco de San Fins de Brión adicou a entrevista a falarnos da vida e milagres de Santa Minia.

O apicultor díxonos uns

NOTICIEIRO

Ten as súas naves industriais en Bastavales "Resifor", unha industria de enerxía alternativa



A industria "Resifor" que recentemente instalou as súas naves industriais na parroquia de Bastavales, representa a clase de empresas dispostas a afrontar con seriedade e ilusión o reto que a entrada en Europa supón para toda a economía galega.

A suba dos crus de petróleo e a súa escaseza, levou a numerosos países que tiñan unha forte dependencia deste produto a estudar enerxías alternativas, autóctonas e renovables. Entre as solucións atopadas, xurde unha baseada na biomasa forestal coa obtención dun combustible sólido e granulado que se obtén a partir dos refugalllos da madeira.

— Despois dunha análise acerca das causas que orixinaron a actual crise económica en todo o mundo occidental coas súas secuelas de paro e inflación, plantexou a alternativa de volta ó vello combustible da madeira, que, mediante un tratamento industrial, conséguese un produto granulado, chamado "Pellet", estabilizado en humidade e en poder calorífico capaz de competir perfectamente con tódolos combustibles derivados do petróleo.

A materia prima para este novo produto sae exclusivamente dos desperdicios das árbores. O sector forestal estivo sempre adicado á produción de madeira; con esta empresa, preténdese, ademais, obter ener-

xía. A limpeza do monte, onde prolifera abundantemente o toxo e xestas que estorban e son un importante factor de iniciación e extensión dos incendios, proporciona gran parte da materia prima que se necesita pra esta empresa, polo que contribúe, tamén, a reduci-los riscos de incendio.



A limpeza do monte, a parte de erradicalo máis importante factor de incendios, proporciona a materia prima desta empresa.

As serrerías, co serrín, a eliminación dos costeiros, des-puntes e bordes, orixina un sesenta por cen de desperdicios da árbore. A utilización indus-

As condicións que ten Galicia para as explotacións de importantes masas de árbores, xunto coas favorables perspectivas que ofrece o Mercado Común que está a demandar moita madeira, fai supoñer que o sector forestal galego podería iniciar unha fase de forte expansión

trial destes desperdicios, e a súa transformación posterior en enerxía, supón un aproveitamento integral das árbores.

Respecto ó carbón, outro combustible sólido en alza como enerxía alternativa, o "Pellet", presenta as vantaxes de non ser contaminante e apenas produce cinzas, pois a súa combustión é case completa. Ademais é renovable, é dicir, a repoboación forestal permitiría un abastecemento permanente de madeira, namentras que o carbón é un produto a extinguir.

A industria "Resifor" que conta con dúas naves industriais que ocupan unha superficie de dous mil cincocentos metros cadrados no medio dunha gran explanada de tres hectáreas de superficie, dará emprego a 25 traballadores, dos que o oitenta por cento serán xóvenes.

Esta nova empresa posúe unha maquinaria complexa, da que gran parte dela é de patente alemá e coa que quere acadar dentro duns meses, cando se traballe a pleno rendemento, unha produción de dúas mil cincocentas toneladas ó ano.

A comercialización deste novo produto combustible vai destinado tanto ó uso doméstico —cociñas, calefaccións, depósitos de auga quente, etc— como ó industrial, sempre e cando as súas caldeiras estean preparadas para a combustión de produtos sólidos.

A Corporación de Brión Aprobou o uso exclusivo da lingua galega

A Corporación do noso Concello, no último Pleno do mes de xaneiro, acordou por unanimidade, amparándose na nova lexislación de administración local que permite o uso indistinto de calquera lingua, aproba-lo uso exclusivo da lingua galega en tódolos seus documentos, libros, escritos internos, comunicados oficiais, así como nas relacións cos seus administrados o traveso das xestións que teñan que realizar nas oficinas municipais.

Con motivo das primeiras eleccións municipais, no ano 1979, a formación política que lidera o actual Alcalde, defendía a implantación do uso do galego nas dependencias municipais, así como a potenciación e extensión a tódalas esferas da vida cotidiana.

Co triunfo electoral da formación política gobernante, iniciouse ese mesmo ano, gradualmente o uso do galego en tódalas xestións oficiais, que a Lei por aquel entón permitía. Pouco a pouco, e sen traumas de ningún tipo, a xente foise amoldando ó medio de expresión oficial en galego, que é de por sí a lingua habitual da xente.

Finalmente, coa nova Lei de Réxime Local, pódese xa extende-lo uso do galego a tódalas xestións oficiais, sen ningunha clase de atranco, algo que de feito xa viña ocorrendo na maioría das relacións e escritos que se cursaban ós veciños.

A recente decisión do Pleno municipal, non ven máis que a corrobora-lo que ó longo de oito anos se foi facendo con esmerado coidado que evitase calquera tipo de sentimento de imposición ós veciños. A naturalidade con que responderon a case totalidade dos veciños, exenta de toda conflictividade, dá proba do acertado da medida e da axeitada introdución gradual.

A revista Altamira, desde o seu nacemento, representou un esforzo máis da Corporación Municipal pola difusión e o estímulo do uso da lingua galega en tódolos órdes da nosa vida.

Confeccionado no ano 1986

Novo padrón de habitantes



augmentando a poboación o 1% cada ano, desde 1900, hoxe estaríamos por enriba dos 11.000 habitantes. A explicación do estancamento está na persistencia da emigración, que no Padrón actual (despóis de depurar detalladamente aqueles que teñen pouca vinculación ca familia) quedou en 17 emigrantes por cada 100 censados.

POR PARROQUIAS, MOITAS DIFERENCIAS

Outra característica do noso Concello é a diferenza que aparece perfectamente marcada no gráfico segundo entre as parroquias da zona alta e baixa no tocante a densidade de poboación (a altura dos cadros indica a extensión de parroquia en hectáreas, e a estatura do boneco, o número de habitantes da respectiva parroquia). Así, as parroquias de Cornanda, Luaña, Ons e Viceso dan un boneco anano (pouca xente) dentro dun cadro altísimo (moita terra); Os Anxeles, Bastavales e Brión teñen moita xente e pouca terra; Boullón, para pouca xente, ten moita terra; e San Salvador, pouca terra e pouca xente.

Así e todo, no conxunto do Concello, hai unha densidade de poboación de 96 habitantes por cada quilómetro cadrado, aproximada á media de Galicia, que é de 94 (En España non chega ó 75 habit./qm²).

MOITOS VELLÓS

O terceiro dato que temos que salientar é o avellamento da poboación, expresado no terceiro gráfico, na pirámide de idades. Unha pirámide perfecta, na que a poboación estivese en alza, e predominasen os mozos

O efecto da emigración sobre a poboación do noso concello fai que dende o comezo do século só aumentase en cento cincuenta e un habitantes.

Como prometeramos nunha AL-TAMIRA anterior, traemos aquí un pequeno comentario sobre os datos do Padrón de Habitantes do noso Concello que se elaborou o ano pasado.

Damos no primeiro gráfico o resumo, parroquia por parroquia, do número de vivendas habitadas e aldeiras e, seguidamente, a dous arreiros, os habitantes censados *de feito* (as persoas que realmente están


vivindo aquí) e os *de dereito* (engádense as persoas —sobre todo emigrantes— que teñen fixada aquí a súa residencia, pero que non estaban na súa casa no momento do empadroamento).

MOITOS EMIGRANTES

Se comparámo-lo Padrón actual cos anteriores, chama a atención o estancamento da poboación no noso Concello: desde que comezou o século, Brión só gañou 151 habitantes de poboación de feito; con que só fora

HABITANTES

	VIVENDAS		HABITANTES				TOTAL
	Habitadas	Valdeiras	PRESENTES		AUSENTES		
			Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Os Anxeles	361	81	640	744	121	94	1.599
Bastavales	312	51	621	683	111	95	1.513
San Salvador	53	18	83	103	33	27	246
Brión	296	65	477	569	200	1.485	
Boullón	43	3	86	109	43	38	276
Cornanda	69	21	145	154	25	14	338
Luaña	132	36	280	308	36	22	646
Ons	95	29	169	179	52	36	436
Viceso	106	39	211	247	28	19	505
	1.467	343	2.715	3.096	688	545	7.044



debería ter unha base firme, alongada, reducíndose progresiva e uniformemente ata o cumio e as dúas metades (homes-mulleres) serían simétricas. A pirámide de Brión, como se ve, ten pouca base (non abunda a xente moza), e, a medida que se vai ascendendo, escórase cara a dereita (quer dicir, que abundan máis as mulleres vellas, de tal xeito que no último escalón, o de habitantes de máis de 80 anos, fronte a 50 homes, hai 131 mulleres e, de 964 persoas maiores de 65 anos, 613 son mulleres).

Chama a atención tamén a cantidade de persoas entre 51 e 55 anos, curiosamente, nadas durante os anos da República, e, loxicamente, os anos posteriores á Guerra Civil dan o índice máis baixo de nados.

MOITOS LABREGOS

No noso Concello, o 19% da poboación é pensionista ou xubilada, sumando cas amas de casa, nenos, estudantes e incapacitados, un total de 55,5 por cen de non activos. Así e todo, poñerlle amas de casa e non activas á maioría das mulleres é unha ironía, pois ben sabemos que a maior parte das explotacións agrarias de Galicia están sostidas polas chamadas "amas de casa" e a nosa Terra dá a taxa máis alta en toda España de mulleres que traballan no campo (o 51%).

No tocante a poboación activa, a profesión que máis abunda é a de agricultor, con un 31,53 por cen; o 40% están clasificados como empregados da industria, comercio e servizos; o 12% traballan na construción; o resto repártense entre empresarios, profesións liberais e traballadores por conta propia.

Neste apartado, o que máis chama a atención é a diferenza que existe entre a zona alta e a baixa do noso Concello. Así temos que, mentras que

na zona baixa se adican á agricultura o 28,72%, na alta ascende a porcentaxe ó 53,24% (55% en Viceso, 53,98% na Luaña e Cornanda e 46,67% en Ons).


Hai máis xubilados (consecuencia da maior incidencia da emigración) na zona alta (20,81%) que na baixa (17,67%). A parroquia que máis taxa de xubilados dá é a Luaña (24,57%), e a que menos, Bastavales (13,71%).

NIVEL DE ESTUDIOS BAIXO

O 94,39 por cen da nosa poboación non pasou dos estudos primarios,

e o nove por cen non sabe ler nin escribir ou faino con dificultades. Só ten título superior o 1,03% dos homes e o 0,71% das mulleres. Teñen título de grado medio, bachelato superior, de formación profesional ou carreira universitaria o 5,09% dos habitantes (5,85% dos homes e 4,36% das mulleres).

Finalmente, toda a poboación de Brión entende o galego e só hai un 3,85% que non o sabe falar (estes son maioritariamente fillos de emigrantes que naceron e se criaron fóra).



O envelamento da poboación obsérvase nesta pirámide de idades que ten pouca base, que é onde está representada a xente máis nova.

En Ons e Viceso:

Primeiras experiencias de asociacionismo forestal de Galicia

A constitución das sociedades agrarias de transformación (S.A.T.) "Manxueira" e "Mirallos", nas parroquias de Ons e Viceso, ten como obxectivo a concentración das explotacións de pequenos propietarios de montes para darlle un tratamento común ó traballo do monte, introducindo modernas técnicas selvícolas, que fagan máis rendables as explotacións.

A creación destas dúas agrupacións de propietarios, promovidas pola Consellería de Agricultura e apoiadas polo Concello de Brión, supón un paso adiante para o progreso deste importante sector da produción e, ó mesmo tempo, dunha toma de conciencia da enorme perda que está supoñendo para Galicia o progresivo abandono das explotacións dos montes, tanto pola súa escasa rentabilidade, como polo aumento nos últimos anos dos riscos de incendio.

As inmejorables condicións de solo e clima que ten Galicia para as explotacións de importantes masas de árbores, xunto coas favorables perspectivas que ofrece o Mercado Común que está a demandar moita madeira, fai supoñer que o sector forestal galego podería iniciar unha fase de forte expansión.

Nembargantes, tódalas esperanzas quedarían truncadas se non se introduce un cambio radical nas arcaicas estruturas da propiedade que constitúen auténticas trabas para iniciar calquera intento de expansión.

A base da produción galega, dentro do sector forestal, que representa entre o 85% e o 95% de toda a produción madeireira, provén das explotacións de pequenos propietarios non, como se viña crendo erroneamente, das masas comunais.

A escasa rentabilidade das innumerables parcelas con un escaso e mal laborado que, ademais, en moitas ocasións, teñen serias dificultades reais e extracción do produto por falta de camiños, fai que en Galicia se ractique exclusivamente un labor recolector. A falta de camiños, o minifundio das explotacións, xunto coa ausencia de axudas e formación técnica constitúen outros atrancos que contribúen ó actual estado de abandono que resentan os nosos montes.



Galicia adica as dúas terceira partes do seu territorio á explotación forestal, sendo, ademais, unha das zonas do mundo de maior produtividade, tendo neste sector unha vía crara para o seu desenrolo, e esixe, por tanto, unha inmediata atención.

Calquera avance no campo da explotación da madeira pasa necesariamente pola reforma das estruturas da propiedade do monte. Resolto este tema existirá a posibilidade de que os campesiños propietarios de montes deixen de ser simples recolectores e poidan, co asesoramento e axudas oficiais, transformarse en selvicultores.

A produción madeireira en Galicia aproxímase ós 6 metros cúbicos por Hectárea: As especiais condicións de Galicia permitirían, con unha explotación máis racionalizada, sen necesidade de aumenta-las superficies arboradas, nun prazo medio de 15 a 20 anos para madeiras de calidade media e baixa, duplica-la produción. Estes prazos veríanse aumentados para outras especies arbóreas de máis calidade, como sería o caso do castiñeiro.

Ademais do aumento da produción, a mellora das técnicas de explotación, así como a selección de especies permitiría, no mesmo prazo, un aumento en maior proporción do prezo da madeira.

Os países máis adiantados do noso

entorno Europeo, e polo tanto con un maior nivel de vida, consideran o alto consumo de madeira e papel un dos índices indicadores do seu desenvolvemento.

A mellora das estruturas das explotacións, co conseguinte incremento da produción, arrastraría a tódalas industrias derivadas a adaptarse á nova produción, favorecendo a súa expansión e propiciando o progreso económico de todo o sector.

Ante este panorama, dúas son as posibilidades de reforma para o monte galego: o asociacionismo e a concentración de montes. A propiedade da terra é sagrada para o campesiño galego; vencer ese apego ancestral á propiedade do solo é algo realmente custoso.

A zona de Ons e Viceso, onde se leva a cabo a primeira experiencia de asociacionismo forestal en Galicia, non foi escollida ó azar; uns estudos previos confirmaron que reunía unhas características socioeconómicas que posibilitaban a obtención duns bos resultados nunha iniciativa como ésta.

A elección estivo fundamentada na comprobación de que nestas dúas parroquias se levaron a cabo as primeiras concentracións parcelarias, contando, ademais, con bastantes persoas promotoras de iniciativas como se pode constatar polo feito de ter unha cooperativa agrícola que leva moitos anos funcionando, polo que está considerada globalmente como unha zona agrícola avanzada.

SOCIEDADE DE SERVICIOS

Istas sociedades forestais contan con un plan técnico forestal que cada socio se compromete a cumprir e que conleva un traballo de desbrozamento ou limpeza de mato para previlos incendios, podas e rareos. Ademais márcase un turno de corta que se considera óptimo e, logo, cada propietario vende cando queira, aínda que se recomenda que a venda se faga conxuntamente.

Anque o traballo de explotación é colectivo se está obrigado a un tratamento común do monte, cada socio mantén a propiedade, é dicir, considérase unha sociedade de servicios.

A duración das sociedades é indefinida; cada un conserva a súa titularidade e disólvese, segundo os estatutos, a vontade dos empresarios. As sociedades están rexidas por un presidente, un secretario e varios vocais.

O constituirse as Sociedades foi necesario a distribución das aportacións mediante títulos. Ó teren as fincas distintas dimensións, e esta-lo capital aportado en función da

superficie das terras, foi preciso, para evitar maiores perxucios na aportación de cartos, buscar unha unidade referencial pequena para cada título. As dúas asociacións acordaron tomar por unidade a "área" (100 metros cadrados) con unha aportación económica de mil duascenas pesetas por cada unidade ou fracción. Deses cartos, 100 pesetas foron destinadas



Na actualidade, dada a pouca rentabilidade do monte e o enorme risco do lume, estase a facer unha labor exclusivamente de recolección

para forma-lo capital social e o resto para face-la repoboación.

No éxito alcanzado coa formación destas dúas primeiras sociedades encamiñadas a ofrecer unha alternativa ó desenrolo das explotacións forestais, o Concello de Brión tivo un destacado papel animador e impulsor desta iniciativa. Por suposto que calquera concello debería ter un gran interese en que as asociacións funcionen; o simple feito de que trinta veciños traballen unidos é xa de por si un gran logro.

O Concello, que ó primeiro estivo facendo de intermediario entre os veciños e o equipo técnico a fin de axudar a vence-la natural reticencia e o medo do campesiño ó engano, seguirá colaborando coa apertura de camiños para dar servicios ás explotacións e ademais mercando unha desbrozadora que se poñerá ó servizo, non só destas sociedades, senón de todo o Concello. Para un futuro, o Concello tamén estudia a posibilidade de promover-la introducción de gando no monte, co que se engadiría unha fonte máis de rentabilidade.

Os pequenos inconvenientes que teñen estas dúas sociedades que están a nacer é por un lado, carecer dunha previa concentración parcelaria do monte, por outro, non proceder antes a un estudo das especies arborícolas máis axeitadas ó noso solo e non proceder á prantación masiva de pinos e eucaliptos polo simple feito de que exista unha maior demanda de madeira, e seren estas as especies máis rentables desde o punto de vista exclusivamente económico.

Axudas a minusválidos e terceira idade

O Diario Oficial de Galicia dos días 11 e 12 de marzo publica sendas Ordes da Consellería de Cultura e Benestar Social convocando axudas individuais en materia de minusválidos e terceira idade respectivamente, que, polo seu interese resumimos a continuación.

AXUDAS A MINUSVALIDOS

A orde que publica o DOG do día 11 de marzo especifica unha mancha de posibles axudas que comprenden rehabilitación, asistencia especializada, axudas complementarias e axudas de recuperación profesional, ademais de outras que se conceptúan como axudas excepcionais. Sinálanse as cuantías máximas de cada unha e mailas condicións que hai que reunir para poder acceder a elas.

Poderán ser beneficiarios das axudas as persoas afectadas por unha diminución física, psíquica ou sensorial que teñan a condición legal de minusválidos e que non superen a idade de 65 anos, sempre que estean comprendidos no ámbito de aplicación do sistema de Seguridade Social ou que a súa renda per cápita familiar non supere o salario mínimo interprofesional. (A renda per cápita obtense dividindo a totalidade dos ingresos netos da unidade familiar polo número de membros desta.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 31 de outubro.

AXUDAS A TERCEIRA IDADE

Estas axudas convócanse na Orde publicada no DOG do día 12 de marzo.

Comprenden adquisición de mobiliario, próteses, vacacións, lavandería, amaño da vivenda, atención alimentaria, etc.

Poden solicitalas pensionistas de xubilación da Seguridade Social ou persoas maiores maiores non pensionistas que non superen o salario mínimo interprofesional vixente como renda familiar per cápita.

O prazo para presentación de solicitudes é tamén o 31 de outubro.

Na convocatoria de ámbalas dúas axudas sinálanse que os criterios para a súa concesión serán os de continuidade na prestación outorgada no exercicio anterior, nivel de renda familiar, circunstancias familiares e sociais dos solicitantes e escasez de recursos no entorno familiar do solicitante.

Para máis información sobre o tema e para cursa-las solicitudes, os interesados pódense dirixir á Asistente Social encargada dos Servizos Sociais de Base, que atende ó público no noso Concello tódolos luns durante a mañá.

ARTE EN PEDRA

CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS



Tfno. 811704

FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

José Caramés
Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento, Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal, Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio, Traídas de Auga, etc.

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N

Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PASATEMPOS

PARA CAVILAR

Un famoso explorador de Africa foi nunha ocasión feito prisioneiro por unha tribu de negros canibales. O xefe dos salvaxes, ó velo fíxolle a seguinte proposta: "Dinos unha frase calquera; se é verdade, esganarémoste primeiro antes de comerte; se o que nos vas dicir é unha mentira, esnaquizarémoste vivo e despois tamén te comeremos".

Despois de escoitar ó xefe dos salvaxes, o explorador respirou aliviado e pensou para si: "Gracias a Deus, estou salvado...".

¿Qué frase lle dixo ó xefe para poder ser liberado?

HORIZONTAIS:

- 1.— Pingas miúdas e espaciadas de chuva.
- 2.— Aparato de navegar polo ar.
- 3.— Instrumento para cavar zocos. Abreviatura de señor.
- 4.— Final sinalado - Embrión - 0
- 5.— Engadida - E L P
- 6.— Nora - Regale
- 7.— Medio de transporte - (O revés)
- 8.— Mestre espiritual.
- 9.— Chamada - Institución lexislativa

VERTICAIS

- 1.— Medicamento
- 2.— Relativo ós gregos - Está contento
- 3.— Conductos urinarios.
- 4.— Remuíño impetuoso das augas
- 5.— Punto de unión das coxas co ventre.
- 6.— Apelido de escritor famoso.
- 7.— Unidade de potencia - Desafíos (O revés).
- 8.— Praza pública de Atenas.

	1	2	3	4	5	6	7	8
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								

SOLUCIÓNS ÓS PASATEMPOS ANTERIORES

O punto do barco que recorre maior distancia é a punta do mastro maior porque, ó dar unha volta completa ó mundo, describe unha circunferencia maior.



ASERRADERO
ASTILLADORAS
MADERAS

LEMA

MARCELINO
LEMA
LOBATO


Fábrica y Oficinas:
Telf. (981) 883034 - Part. 590191
BASTAVALES - SANTIAGO
(Coruña - España)

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	L	O	S	T	R	E	G	O
2	E	N	G	A	I	O	L	A
3	M	E	I	G	A	L	L	O
4	B	R	U	A	L	O	U	L
5	R	O	L	L	E	I	R	O
6	O	S	I	L	A	A	O	B
7	M	O	A	O	R	I	X	E
8	E	N	G	A	N	D	I	R

AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10
SERVICIO OFICIAL



Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**LA VASCO
NAVARRA**

SOCIEDAD ANÓNIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º
TELEFONO: 58 48 91
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Banco Español de Crédito, S.A.

“BANESTO”

A Organización Bancaria, que axiña se poñerá a disposición da comarca da Amaía na nova Sucursal que ten proxectado abrir en BRION - Santa Minia.



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES, REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS

Construccions

FRAGA

Obras de Albañilería en xeral
BRION



**COMERCIAL AGRICOLA
DA MAHIA, S. L.**

Teléfono 88 32 50
OS ANXELES
BRION



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**
SANTIAGO DE COMPOSTELA



PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brión
Tel. 88 31 55



ASOCIACION CIVIL
AMIGOS DE SANTIAGO

Restaurante
"O' FUMEIRO"

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)

PINTURA * DECORACION

SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA PAVIMENTOS - MOQUETAS
PAPELES - MURALES
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14 - bajo
Teléfonos 563713 - 594449

SANTIAGO



Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83
LOS ANGELES

SANTIAGO